

PROPOSTA DE BASES POLÍTICAS

Un novo xeito de entender a política: Compromiso e cooperación por Galicia e o Ben Común

A realidade social galega e mundial mudou. A sociedade do século XXI vaise conformando con estruturas flexibles, cambiantes, permeables. Novos medios e ferramentas de interacción potencian novas realidades interconectadas. Os graves problemas e desafíos que conforman xa o día a día da cidadanía xeran reaccións fóra das canles tradicionais, reflectindo unha diversidade social e de pensamento que marca o camiño no que debemos desenvolver a actividade política.

A necesidade de que a diversidade social se exprese tamén na imprescindible pluralidade política non implica obrigatoriamente afondar nas divisións e enfrontamentos. Abonda con renunciar ao dogmatismo e ao sectarismo para construír unha estrutura permeábel, dialogante e con afán unitario que se sitúa unicamente en contra das políticas que favorecen ao 1% que acumulan riquezas e beneficios fronte ao 99% que vive, e en moitas ocasións malvive, do seu traballo e da súa creatividade. A difícil situación que está pasando a grande maioría das persoas e ameaza o noso país e o conxunto do planeta esixe grandes doses de xenerosidade, fincar os pés na terra e manter todas as canles abertas para a integración nesa nova realidade social.

A alianza que hoxe presentamos afástase de vellas receitas e herdanzas e propón un novo xeito de entender o traballo político nos ámbitos en que desenvolverá a súa actividade: a cooperativa política, baseada na colaboración e na síntese cultural de ideas que vaian a favor da inmensa maioría, respectando a pluralidade e sen ambicións de predominio.

Esta cooperativa política acolle as achegas do galeguismo político e o soberanismo cívico, o progresismo inclusivo e a esquerda renovadora, o ecoloxismo político e a radicalidade democrática.

1. Contexto social, económico e político, no mundo, en Europa, no Estado Español e en Galicia

Galicia forma parte dun entorno xeográfico, económico e político que dende hai catro anos está sufrindo unha profunda crise económica, financeira e social. Unha crise que, aínda que comezou na economía máis importante do mundo e xa afecta a un bo número de países, non se pode afirmar que é mundial, xa que son varias áreas do planeta con economías que non só non están en crise, senón que están crescendo e aumentando o nivel de riqueza e benestar dos seus cidadáns e cidadás. O que si é certo é que se trata dunha crise provocada por un modelo que dá as costas á economía produtiva e ás necesidades reais da xente, un modelo baseado na especulación financeira favorecida pola desregulación dos mercados, no negocio fácil e no enriquecemento rápido, no que as grandes corporacións acumularon tanto poder que mesmo chegaron a ser capaces de condicionar as decisións dos gobernos dos países. A isto hai que engadir a falla de control dos organismos públicos internacionais que non foron quen de alertar das nefastas consecuencias da economía “de casino” que se estaba impoñendo.

O abandono das regulacións e controis necesarios conduce a un modelo de crecemento económico aparentemente sen límites, que externaliza os custos da produción sobre as costas do planeta enteiro poñendo en perigo a nosa propia supervivencia ecolóxica. Pero quizais o máis preocupante sexa que, entremetres, os economicamente podentes seguen acumulando máis riqueza e máis poder, mentres a maioría das xentes se está empobrecendo, moitas delas chegando ao risco de entraren en situacións de extrema pobreza ou de exclusión social.

Ante este contexto de profunda crise económica e social, os grandes partidos políticos que gobernan os distintos países do noso entorno, independentemente do espectro ideolóxico en que se sitúen, incorreron nun desleixo de funcións alarmante, permitindo que sexan as grandes corporacións económicas e financeiras, a través dos mercados desregulados, as que ditén as políticas económicas dos gobernos, que se traducen en medidas que sempre favorecen os seus intereses e van claramente en contra das necesidades das maiorías sociais. O desapoderamento sociedade ten como efecto colateral a disolución das identidades nacionais. No caso de nacións sen estado coma a nosa, a situación vese agravada pola maior precariedade dos mecanismos protectores, de xeito que se descarga sobre a propia sociedade civil a defensa da súa identidade específica.

É por iso que as políticas postas en marcha no Estado español e en Galicia polo mandato e a esixencia, ben sexa dos “mercados”, do FMI, do BCE ou da Unión Europea, dende o ano 2008 e, de xeito especial, dende maio de 2010, lonxe de solucionar os problemas derivados da crise, o único que trouxeron foi máis paro, máis pobreza, menos actividade empresarial e menos dinamismo económico, ademais dun alarmante deterioro dos dereitos sociais e dos servizos públicos básicos, como son a sanidade, a educación ou outros servizos sociais. A desigualdade social está crescendo a un ritmo imparable.

É evidente que se están impondo os modelos económicos e as ideoloxías políticas ultraliberais, o que está tendo como consecuencia un progresivo deterioro do estado do benestar. Cómpre un cambio de principios, de políticas e de actitudes, tanto na UE coma no Estado español e en Galicia, co obxectivo de conseguir unha sociedade máis xusta e máis igualitaria e onde o benestar alcance ao conxunto da sociedade.

1.1. Unión Europea

A actual crise económica e social que vivimos puxo de manifesto que o modelo de construción europea que se desenvolveu presenta graves eivas, xa que non conta con instrumentos políticos nin económicos que permitan nin unha verdadeira participación e control democráticos nin, consecuentemente, pór en marcha medidas en favor das maiorías sociais. A crise económica está pondo de vulto as disfuncións do modelo, que se traducen nun agravamento das diferenzas non só entre o conxunto de cidadáns, senón tamén entre os distintos países, ata o punto de falarse xa abertamente dunha Europa de dúas velocidades, abandonando así un principio básico como era, e debe seguir sendo, o da converxencia política e económica, pero tamén social entre os diferentes países e cidadáns que conformamos a UE.

Isto, xunto coa imposición aos países membros do cumprimento duns obxectivos macroeconómicos durísimos, baseados, por enriba de calquera outra prioridade, no control do déficit público, obrigan a pór en marcha políticas restritivas do gasto produtivo e do gasto social. Cada vez máis a UE se está tornando unha superestrutura ao servizo dos intereses das grandes corporacións económicas e financeiras, ao tempo que deixa de lado as necesidades da cidadanía, o que ten como consecuencia unha desafección crecente desta cara ás institucións europeas.

Pero non só no eido económico e social a UE non está xogando o papel que debería xogar, senón que tamén no campo da política exterior está xogando un papel ao servizo dos intereses xeo-estratéxicos dos EEUU, o que fai que non teña un posicionamento propio, chegando mesmo á vergoñosa situación de mirar cara outro lado cando os dereitos de pobos como o palestino ou o saharai son gravemente violentados.

1.2. Estado español

No Estado español, a actualidade política, económica e social estivo marcada polos devastadores efectos da profunda crise económica que provocou un incremento do desemprego que se achega aos seis millóns de persoas, moitas delas en situación de pobreza ou exclusión social. Resulta especialmente

preocupante a situación da mocidade, que se ve abocada ao paro, á emigración ou á dependencia económica indefinida das familias.

As políticas postas en marcha durante a pasada lexislatura polo anterior goberno do PSOE, políticas que están tendo continuidade, cada vez máis regresivamente, no actual goberno do PP, téñense demostrado extremadamente prexudiciais para as maiorías sociais, así como claramente ineficaces para rachar o perverso círculo vicioso no que estamos mergullados, e que se resume en que, como baixa o consumo, descende a actividade empresarial e aumenta o paro, e por un principio de retroalimentación, o incremento do paro fai que mingüe aínda máis o consumo e a actividade empresarial. Unhas políticas restritivas do gasto social e produtivo que non permiten a recuperación económica e ademais poñen en grave risco o actual estado do benestar.

Cómpre, por tanto, que no Estado español se muden as políticas contra a crise, primando sobre o cumprimento dos obxectivos de déficit -que non é unha causa da crise senón unha consecuencia-, as políticas de gasto produtivo, social, en I+D+i, que xeren dinamismo económico, valor engadido, emprego e protección social para todos os cidadáns e cidadás, especialmente para os máis desfavorecidos.

Outra característica da actualidade política no Estado español nos últimos anos foi a involución no debate do deseño territorial. Pasouse da “España plural” á negativa a transferir novas competencias ao gobernos autonómicos -sendo especialmente grave a negativa a transferir as competencias de tráfico e seguridade vial ao Goberno galego, a pesar de que era unha petición apoiada de xeito unánime polo Parlamento de Galicia-, ou o recorte que efectuou o Tribunal Constitucional sobre o Estatuto catalán. Así pois cómpre abrir de novo un debate que permita formular un modelo territorial do Estado español no que todos nos poidamos sentir cómodos. O novo modelo territorial que debe ter como principios básicos os seguintes:

- Dereito das distintas nacións que compoñen o Estado español a decidir qué tipo de relación queren manter co mesmo.
- Máximo grao de descentralización, permitíndolles aos distintos territorios que compoñen o Estado e que así o demanden, as maiores cotas de poder de decisión política, económica e fiscal.
- Recoñecemento da pluralidade de realidades nacionais, lingüísticas e culturais que existen no Estado español.

1.3. Galicia

A chegada do PP ao Goberno galego tralas eleccións autonómicas de 2009 significou unha freada brutal do dinamismo económico, un deterioro gravísimo dos servizos públicos (especialmente da sanidade, a educación e os servizos sociais), e un ataque directo e sen precedentes aos principais sinais de identidade de Galicia, como son o idioma e a cultura.

Ata este momento, o discurso político do Presidente Feijoo lévase sustentado en argumentacións baleiras, como son a austeridade e a eficacia na xestión, que ademais de seren enganosas, non significaron ningunha mellora para o conxunto dos galegos e galegas. Tomando como referencia o indicador económico ou social que se queira, resulta evidente que a día de hoxe Galicia está peor que en 2009, froito dunha nefasta xestión do Presidente Feijoo, sustentada nun goberno dun baixísimo perfil político, que renunciou a gobernar como corresponde unha comunidade histórica, unha nación, como é Galicia, e se conformou con xestionar un goberno autonómico degradado.

Unhas veces por acción e outras por omisión, o Goberno galego do PP, co Presidente Feijoo á fronte, ten contribuído a que Galicia perdesse importantes oportunidades para avanzar cara a un futuro máis próspero, sen que o Presidente e o seu goberno fixeran nada por evitalo. Así, Galicia perdeu o control das dúas caixas galegas que, independentemente de que estivesen mal xestionadas, constituían un instrumento financeiro de primeira orde, imprescindible para contribuír ao desenvolvemento económico e industrial do noso país.

Igual de imprescindible era a execución do plan eólico aprobado na anterior lexislatura, que o actual Goberno galego paralizou de xeito caprichoso, e que agora o Goberno central acaba de inviabilizar coa suspensión das axudas ás enerxías renovables. Estes son dous exemplos claros da insolvencia e da falla de compromiso con Galicia do goberno do Partido Popular e do seu Presidente o Sr. Feijoo.

Os dous partidos da oposición demostraron sobexamente a súa incapacidade de visualizar ante a cidadanía galega a incompetencia do Goberno do PP, pois ámbalas dúas organizacións políticas estiveron máis preocupadas de solucionar os seus problemas internos e a falla que teñen uns e outros de líderes respectados e con recoñecemento social, que en construír unha alternativa de goberno crible, que poida acadar a confianza da maioría de galegos e galegas.

Neste contexto de profunda crise económica social e política, tanto en Europa, coma no Estado español e en Galicia, é no que nace **un novo proxecto político** que pretende defender os sinais de identidade e os intereses de Galicia e transformar progresivamente a crítica realidade social, económica e demográfica do noso país mediante o exercicio do autogoberno e o impulso de políticas innovadoras e ambiciosas, pero á vez realistas e prácticas, cun obxectivo irrenunciabile: atinxir as maiores cotas de benestar social para o conxunto dos galegos e galegas.

2. A nosa proposta: Galicia e o ben común

A nova forza nace nun momento no que en Galicia, por unhas razóns ou por outras, as organizacións políticas existentes, nin dende as institucións nin dende a oposición lles dan resposta ás necesidades sociais nin ás inquedanzas políticas da maioría dos cidadáns e cidadás galegos.

Resulta evidente que os partidos de obediencia estatal renunciaron hai moito tempo a defender, tanto dentro coma fóra, os intereses do noso país; a uns e a outros só lles interesa Galicia para conseguir apoios electorais que logo poñen a dispor das súas direccións políticas en Madrid, para que mesmo os utilicen, se fora o caso, en contra dos intereses galegos. Pola súa banda, a forza que vén representando o nacionalismo galego nas institucións tamén renunciou dende hai varios anos a ser un instrumento útil para cambiar a realidade de Galicia, optando por converterse nunha forza política antisistema, conciencia crítica do país, pero sen un proxecto político e organizativo crible e disposto a gañar a confianza da maioría da cidadanía galega.

En base ao devandito e como resultado dunha demorada análise e reflexión sobre a situación económica, social e política de Galicia e do noso entorno, un grupo de cidadáns e cidadás de pensamento diverso tomaron a decisión de pór o seu traballo, a súa dedicación e o seu compromiso ao servizo de Galicia. Dese compromiso nace **esta nova forza**, que se declara como **unha forza política de base plural, pois abrangue un amplo espectro desde o centro progresista ata a esquerda renovadora, galeguista/ nacionalista e transformadora**, e que se marca como obxectivos principais a defensa dos intereses colectivos de Galicia, da súa identidade e dos seus dereitos, así como a transformación da súa realidade económica, social e demográfica, para conseguir as maiores cotas de autogoberno para as súas institucións propias e de benestar para o seu pobo.

→ **Galeguista / nacionalista**, porque sostemos que Galicia é unha nación cunha identidade, unha cultura e unha lingua propias, pero tamén cuns intereses económicos e políticos específicos. A principal razón de ser da **nova forza** é defender os intereses de Galicia no seu conxunto, traballando para transformar a súa realidade nas súas distintas facetas -social, económica, demográfica...-, co obxectivo de acadar as maiores cotas de igualdade, liberdade e benestar social para os seus cidadáns e cidadás, e valorizando e promovendo os seus principais sinais de identidade: o noso idioma e a nosa cultura nas súas ricas e orixinais manifestacións cultivadas e populares, o noso territorio espoliado, o noso medio ambiente e paisaxes tan brutalmente agredidos, o noso desleixado patrimonio artístico-monumental e a memoria da nosa historia.

Por tanto, a **nova forza** porá todo o seu empeño en que este sentimento de pertenza a un país diferenciado, a unha nación, sexa interiorizado por unha ampla maioría social, sen imposicións e sen postularse como dona nin gardiá das esencias patrias. **A nova forza** é consciente de que para sermos

nación feita e dereita cómpre o recoñecemento e a adhesión voluntaria ao sentimento nacional da maioría da cidadanía. **A nova forza** asume como un desafío propio transformar o evidente sentimento de galegitude, o galeguismo difuso arraizado na cidadanía galega, en galeguismo político e operativo. **A nova forza** ofrécese, pois, como un instrumento que canalizará ese sentimento en beneficio de Galicia.

→ **Transformadora**, porque **a nova forza** defende un modelo económico e social no que o conxunto da sociedade teña acceso, en condicións de igualdade, a uns servizos básicos, universais, públicos e de calidade e poida participar responsablemente da súa xestión mediante un sistema de participación de redes cidadáns na administración pública; un modelo económico e social que valorice e promova a innovación e as iniciativas emprendedoras responsables, respectuosas co medio ambiente, o territorio e a sustentabilidade ecolóxica, e produtoras de riqueza. Un modelo en que, aceptando os principios da economía social de mercado, esta se vexa sometida á regulación, fiscalización e ao control das institucións públicas, de maneira que a produción de riqueza sexa posta ao servizo das necesidades básicas da sociedade, co obxectivo de acadar o benestar social do conxunto da cidadanía.

A nova forza acredita na confrontación democrática de proxectos como vía para converterse na forza política de referencia para a maioría da cidadanía galega. Galicia é unha sociedade madura e plural na cal **a nova forza** ten como obxectivo irrenunciábel acadar o apoio da maioría social a través do convencemento democrático. Coa nosa práctica política e coas nosas propostas intentaremos conseguir que unha maioría de galegos e galegas, independentemente da forza do sentimento galeguista que cada un teña, considere **a nova forza** como o mellor instrumento para acadar obxectivos colectivos.

Os galegos e galegas precisan un instrumento político que sexa quen de canalizar as súas vontades e enerxías, capaz de elaborar e de xestionar propostas que dean solución aos múltiples problemas que ten na actualidade Galicia como país e as xentes que o habitan. O proxecto político **da nova forza** debe contemplar retos de futuro, pero sen esquecer que o prioritario é darlle resposta ás necesidades dos galegos e das galegas neste momento concreto en que nos tocou vivir. Tratarase por tanto de pór en marcha políticas transformadoras, pero á vez prácticas e pensadas para dar solución ás necesidades máis primarias do pobo galego.

Por iso, **a nova forza** declárase como un proxecto político con clara vocación de goberno, que non renuncia á mobilización social cando sexa preciso e as circunstancias o aconsellen, pero que nace coa firme vocación de conquistar democraticamente o goberno das institucións. Porén, o exercicio auténtico do poder debe radicar na propia cidadanía, única depositaria da lexitimidade das institucións, polo que **a nova forza** contribuirá ao “empoderamento” da sociedade civil. Igualmente, entendemos que o exercicio do goberno deberá contar coa participación, na xestión administrativa, desta sociedade civil organizada en redes colaborativas. **A nova forza** ofreceralle á cidadanía galega un proxecto político de alcance pero ao tempo práctico e realista, pensado cos pés na terra; por iso marcarémonos para Galicia uns obxectivos políticos ambiciosos e traballaremos para conseguilos, pero sen que iso sexa unha fonte innecesaria de frustracións, sobre todo cando se teñan que exercer responsabilidades de goberno en calquera institución.

Para poder cumprir os obxectivos que **a nova forza** pretende conseguir en beneficio do noso territorio e das nosas xentes, precisamos contar coas maiores cotas de autogoberno para o noso país. A demanda das maiores cotas de poder político, fiscal, económico e financeiro, en definitiva de máis autogoberno, fúndase no convencemento de que máis autogoberno é sinónimo de máis benestar para os cidadáns e cidadás.

Neste marco defenderemos que se recoñeza o dereito do pobo galego a decidir libremente a relación que quere ter co Estado español que, en todo caso, non pode ser unha relación de subordinación, senón de igualdade. Xa que logo, é un obxectivo estratéxico **da nova forza** procurar o recoñecemento de Galicia como nación, dentro dun Estado español que asuma plenamente o seu carácter plurinacional, plurilingüe e pluricultural.

A nova forza declárase decididamente europeísta, pero fai unha valoración fondamente crítica do gravísimo déficit democrático das institucións europeas e do papel que están xogando. A cidadanía europea ten moi escasas posibilidades de participación real e exercicio dun verdadeiro control

democrático sobre os principais organismos de goberno da Unión Europea, nomeadamente no eido económico e financeiro. Así, tal como xa quedou dito anteriormente, consideramos que as políticas que se levan posto en práctica polas institucións de goberno da Unión Europea nos últimos anos, especialmente durante a presente crise económica, desatenden, cando non prexudican directamente, os intereses da maioría dos cidadáns.

Por todo isto, **a nova forza** defenderá unha revisión da arquitectura institucional europea e dos seus obxectivos, apostando claramente pola participación e o estrito control democrático dos órganos de goberno da Unión, e propugnando unha Europa social e dos pobos, fronte á actual Europa controlada polos mercados financeiros coa complicidade activa dos estados. Así mesmo, propugnaremos que se recoñeza ao Goberno galego o dereito a defender de xeito directo os intereses de Galicia ante as institucións europeas, co obxectivo de que decisións que se toman na UE coa complicidade ou o consentimento do Goberno español, non acaben prexudicando os intereses dos sectores produtivos de Galicia, como ten acontecido nos últimos anos co sector naval, pesqueiro, agro-gandeiro,...

Como forza política nova e permeable ás demandas da cidadanía, **a nova forza** comprométese firmemente coa rexeneración democrática e co impulso á participación cidadá na vida pública e na actividade política, asumindo como principios básicos a responsabilidade, a transparencia e a esixencia ética no desempeño de cargos públicos, un réxime estrito de incompatibilidades e a eliminación de privilexios para estes cargos, a limitación de mandatos tanto no partido coma nas institucións, as listas abertas e a celebración de eleccións primarias para a proclamación de candidatos/as ás alcaldías e á Presidencia da Xunta, abertas á participación de afiliados/as e simpatizantes.

A nova forza defínese como democrática, nacional, cívica, laica, feminista, pacifista e ecoloxista, comprometida radicalmente coa rexeneración democrática, a participación cidadá e os seguintes principios éticos: dignidade, liberdade, xustiza, igualdade, fraternidade, paz e non violencia, solidariedade, autonomía, responsabilidade, respecto, honestidade, integridade, humanismo, non discriminación e transparencia.

En definitiva, **a nova forza** aspira a converterse na casa común de todos os cidadáns e cidadás de Galicia que pensan en clave galeguista e progresista, e por tanto a ser o proxecto político de referencia para a maioría da sociedade, que ademais defende a rexeneración democrática, a participación cidadá, a igualdade entre homes e mulleres, a sustentabilidade ecolóxica e o respecto polo medio ambiente, o pacifismo, a xustiza social e os dereitos humanos e dos pobos. Para acadar este obxectivo **a nova forza** elaborará propostas políticas destinadas ao conxunto da sociedade galega, sen exclusións, independentemente da clase social ou do colectivo.

Velaí as bases políticas da **nova forza**, un **proxecto político renovador que nace para ser útil ao noso país**, bases que se irán actualizando en función das necesidades e dos intereses do noso pobo. Esa é a **única razón de ser da nova forza: ser útil a Galicia e ás súas xentes**.

Galicia, maio de 2012